

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de novembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1704).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 de novembro e extraordinarias e urxentes do 13 de novembro de 2009 (dúas sesións) . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1705).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES POLA AGRUPACIÓN NO ANO 2009. EXPTE. 4173/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 4.11.09, o informe de fiscalización, do 17.11.09 , e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 31.08.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” (CIF 36791291).

2º.- Autorizar o gasto de 4.000 € con cargo á partida 4631.4890009 “Convenio Fed. Centros Culturais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS”

En Vigo, _____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra D. Roberto Giráldez Barbeitos en calidade de Presidente da “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ”, con CIF: G-36791291, e domicilio na rúa Ecuador, núm. 34, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente número 4173-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ”, conforme á documentación presentada e o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- ✓ Representar perante os organismos competentes a todas as asociacións agrupadas
- ✓ Acadar as axudas necesarias para que cada entidade asociada poida levar a cabo os seus fins.
- ✓ Organizar actividades, actos, etc..., que teñen unha ampla demanda social
- ✓ Propoñer e subscribir acordos e convenios beneficiosos para a Agrupación e os seus asociados
- ✓ Levar a cabo un circuíto de actuacións financiadas polo Concello onde dar saída os miles de mozos que todos os días traballan en ensaios, etc...

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao

asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890009 (Convenio “Fed.-Centros Culturais”), prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 4.000 € a favor da “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ”

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ”, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4173-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

| ACTIVIDADES | VALORACIÓN ECONÓMICA |
|--|----------------------|
| Festa do Socio e Acto de Confraternidade | 6.000,00 € |
| Edición da Revista Anual “Disque” | 2.000,00 € |
| Importe proxectos | 8.000,00 € |
| Importe subvencionado | 4.000,00 € |

- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

- *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .*
- *Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- *A revista anual “Disque” reservará dúas páxinas para os saúdas do/da alcalde/alcaldesa e do/da concelleiro/a de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellería de Participación Cidadá-" co seu logotipo.*
- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- a) Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- b) Respetar a estrutura organizativa da “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.*
- c) Conceder directamente á entidade “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais” unha subvención por importe de 4.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais”.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Solicitude de liquidación final.

b) Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- Datas e lugar de celebración.*
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- Actuacións realizadas.*
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

a) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

b) Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

d.1) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor

por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

3(1706).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL PONTENOVA-FREIXEIRO PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN NO ANO 2009. EXPTE. 4348/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.11.09, o informe de fiscalización, do 20.11.09 , e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 2.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro” (CIF: G-36641710).

2º.- Autorizar o gasto de 2.885 € con cargo á partida 4631.4890004 “Subv. Local AV. Pontenova”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VECIÑAL PONTENOVA FREIXEIRO”

En Vigo, _____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra Dona María Pérez González en calidade de secretaria da “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ”, con CIF: G-36641710, e domicilio na rúa Pastora, núm. 47-baixo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente número 4348-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ”, conforme á documentación presentada e o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- “ Atender as necesidades cívicas, sociais e familiares dos veciños da Parroquia de Freixeiro e dos barrios colindantes en todas as materias referentes a súa comunicación, seguridade viaria, hixiene, salubridade, urbanismo, conservación e desenvolvemento, como nexos de unión entre os veciños da Parroquia de Freixeiro, e participar na resolución de todos cantos problemas afecten ao benestar e ó interese xeral dos veciños.

- *A promoción e xestión das actividades educativas, culturais, festivas, deportivas e de carácter social e beneficencia, encamiñadas e mellorar a formación e o benestar dos veciños e favorecer a comunicación, a convivencia e a súa realización integral individual, familiar e colectivamente.*
- *A participación no movemento veciñal para garantir a xustiza, a liberdade de expresión e de reunión, o respecto e a igualdade de dereitos e a independencia popular fronte os poderes públicos, governe quen governe.*
- *Establecer convenios de colaboración cas Administración Públicas e con Entidades Privadas en programas de interese social e de interese xeral relacionados cos seus fins.”*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890004 (Subv. Local AV Ponte Nova”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 2.885 € a favor da “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ”, non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4348-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro ” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

- 1. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.*
- 2. Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 9ª.*

3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.*
5. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.*
6. *Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
7. *Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*
8. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Conceder directamente á entidade “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro” unha subvención por importe de 2.885 € co obxecto de coadxugar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “Asociación Veciñal Pontenova Freixeiro”.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no seu art. 15.2.a).

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a)Solicitude de liquidación final.

b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
- Datas e lugar de celebración.
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c)Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

d)Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

4. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de

forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos

do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

ANEXO 1

ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS

1. Cursos e actividades formativas na sede da asociación:
 - a) Taichi, ximnasia, ioga
 - b) Pandereta, manualidades, bolillos, pintura, repuxado de coiro, arte floral de nadal
 - c) Taller de memoria, taller de inglés, curso de igualdade, elaboración de perfumes, charlas sobre saúde e beleza.
2. Actividades culturais:
 - a) Creación e fomento dunha coral na parroquia

- b) *Saídas a museos e visitas guiadas*
 - c) *Excursións a diversos destinos: Santander, Illa de Ons*
3. *Actividades de fomento das tradicións culturais:*
- a) *Entroido, Letras Galegas, San Xoán, Magosto, concerto de nadal*
4. *Actividades de fomento das Novas Tecnoloxías:*
- a) *Acceso gratuíto a Internet na aula informática dispoñible na asociación.*
 - b) *Cursos de informática: fotografía, seguridade en internet...*
 - c) *Creación da páxina Web da asociación*
5. *Servizos estables na sede da asociación:*
- a) *Pequena biblioteca*
 - b) *Aula de novas tecnoloxías*
 - c) *Fomento da democracia participativa:*
 - *Recollida de solicitudes, queixas e suxestións dos veciños para presentar antes as distintas administracións.*
 - *Asesoramento e informaciónn temas e relacionados co urbanismo na parroquia.*
 - *Axente dinamizador de emprego: creación dunha base de datos para a recollida de ofertas e demandas de emprego.*
 - *Recollida de reclamación de Fenosa*

4(1707).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN VECIÑAL NOSA TERRA DE ALCABRE PARA DE COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN NO ANO 2009. EXPTE. 4350/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.11.09, o informe de fiscalización, do 20.11.09 , e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 3.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre” (CIF: G-36649374).

2º.- Autorizar o gasto de 2.885 € con cargo á partida 4631.4890005 “Subv. Local AV. Nosa Terra”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN VECIÑAL NOSA TERRA DE ALCABRE”

En Vigo, _____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra Dona Mercedes González González en calidade de presidenta da “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre ”, con CIF: G-36649374, e domicilio na rúa Roade, núm. 6, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente número 4350-320.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre ”, conforme á documentación presentada e o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- “ Promover a vida cultural da parroquia e da contorna, fomentando a participación de veciños e veciñas en distintas actividades culturais, festivas e recreativas principalmente galegas.
- Fomentar a participación cidadá de xoves, maiores e colectivos desfavorecidos e marxinais.
- Fomentar a igualdade de oportunidades, organizando actividades dirixidas a mulleres.
- Colaborar con outras organización sen ánimo de lucro e institucións en distintas accións en defensa dos intereses dos veciños/as da comunidade en xeral”.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos, polo que existe un compromiso, non só de garantir a participación, senón tamén de promovela activamente. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter de sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890005 (Subv. Local AV. Nosa Terra”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 2.885 € a favor da “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre”.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a cooperación entre as dúas entidades a través do financiamento dos gastos de mantemento da asociación, de xeito que este esforzo permita o fomento e desenvolvemento dun conxunto de accións de carácter organizativo, cultural, cívico e social, que veñen recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que a entidade “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre ”, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4350-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre ”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre ” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

1. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.
2. Presentarlle ó Concello o balance anual de xestión e económico, xunto coa memoria final das actividades conveniadas conforme o indicado na cláusula 9ª.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
5. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.
6. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
7. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Conceder directamente á entidade “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre” unha subvención por importe de 2.885 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de mantemento da asociación.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa “Asociación Veciñal Nosa Terra de Alcabre”.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no seu art. 15.2.a).

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a)Solicitude de liquidación final.

b)Memoria descritiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- Datas e lugar de celebración.*
- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*

- Actuacións realizadas.
- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

c) Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

d) Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1)), polo importe total da subvención outorgada.

5. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.

d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG. Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

ANEXO 1

ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS

1. *Cursos e actividades formativas na sede da asociación:*
 - a) *Curso de Igualdade 2*
 - b) *Curso de Coñecemento do Medio*
 - c) *Curso de Informática*
 - d) *Ximnasia de Mantemento*
 - e) *Encaixe de Bolillos*
 - f) *Proxecto “Coñece a túa Provincia”*

2. *Actividades de fomento das tradicións culturais:*
 - a) *Entroido, San Xoán, Magosto*
 - b) *Día das Letras Galegas coa participación do grupo Ghandainas de Alcabre*
 - c) *Cursos formativos de Pandereta*

3. *Servizos estables na sede da asociación:*
 - a) *Pequena biblioteca*
 - b) *Actividades de medio ambiente*
 - *Limpeza de camiños na parroquia*
 - *Control sanitario de praias e fontes públicas*
 - c) *Fomento da democracia participativa:*
 - *Recollida de solicitudes, queixas e suxestións dos veciños para presentar antes as distintas administracións.*
 - *Asesoramento e información sobre temas e relacionados co urbanismo na parroquia.*

5(1708).- PROXECTO DE CONVENIO COAS ENTIDADES SINDICAIS UGT, CCOO, E CIG PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ANO 2009. EXPTE. 4354/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 12.11.09, o informe de fiscalización, do 20.11.09 , e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 9.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais dos sindicatos:

- Unión Xeral de Traballadores (UGT), con CIF:G15383011
- Comisións Obreiras de Vigo (CCOO), con CIF: G15103112
- Confederación Intersindical Galega (CIG), con CIF: G36706927

2º.- Autorizar o gasto de 43.200 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, distribuído por terceiras e iguais partes (14.400 €) a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida 4631.4890003 “Convenio CC. Sindicais”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓNS COMARCAIS DOS SINDICATOS: UGT, CCOO E CIG

En Vigo, _____ de _____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra parte, os representantes designados polas entidades sindicais segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4354-320

D. Antonio Juste Iglesias, secretario xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15383011

D. Xosé Cameselle Romero, secretario xeral da Unión Comarcal de Comisión Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15103112

D. Xerardo Abraldes Fernández, secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36706927

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidades sindicais, conforme o establecido nos seus estatutos asumen, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- *Defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras.*
- *Defender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras, así como todos aqueles que por razóns de incapacidade laboral, viudez, prexubilación e xubilación non participan na produción activa.*
- *Promover a construción de formas unitarias de representación dos traballadores e traballadoras, a partir de asembleas e dos organismos que os propios traballadores e traballadoras elixan democraticamente.*
- *Defender e afianzar a democracia no funcionamento das institucións políticas, na sociedade e no Estado.*
- *Independencia dos poderes económicos, dos partidos políticos, da Administración ou de calquera outro interese alleo a ós seus fins.*
- *Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como combater a discriminación que por sexo, idade, raza, ou orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas se produza.*
- *Esixir dos poderes públicos leis que favorezan os intereses do traballo.*

II.- Que o Concello de Vigo reconécelle á cidadanía o dereito a fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o reconecemento aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación do sindicatos é fundamental.

Dentro das medidas de fomento de apoio á participación cidadá en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario as cales redundan no beneficio da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890003 (“Convenio CC.Sindicais”), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe total de 43.200 €, para repartir por terceiras e iguais partes (14.400 €) entre as unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG e CCOO.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é regular a colaboración e cooperación das catro entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral aos veciños e veciñas deste cidade, recollidas na documentación que se acompaña.

V.- Que as devanditas entidades sindicais, non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atópanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4354-320

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolven as entidades, o Concello de Vigo e as devanditas organizacións conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- As entidades sindicais comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para o fomento das actividades previstas e, concretamente, a:

Asumir a programación, organización e xestión das seguintes actividades:

- d) Xestionar nas súas dependencias unha oficina de información municipal de acceso para toda a cidadanía.
- e) Realizar diversas xornadas relacionadas co ámbito económico, laboral, cultural ou social.

Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros. Asemade esta incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .

Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa das entidades sindicais: UGT, CIG, CCOO.

3. Conceder directamente ás devanditas entidades unha subvención total por importe de 43.200 € co obxecto de coadruar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou en público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: As entidades beneficiarias entregarán no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

a).- Solicitud de liquidación final.

b).- *Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*

- *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- *Datas e lugar de celebración.*
- *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- *Actuacións realizadas.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

c).- *Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*

d).- *Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado d.1), polo importe total da subvención outorgada.*

d.1.- *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe de xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*

d.2.- *Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.*

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

d.3.- *As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*

e).- *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

f).- *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo Segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por sextuplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

ANEXO I

ACTIVIDADES DAS ENTIDADES

| PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2009 | ORZAMENTO |
|---|-------------|
| UGT | |
| Servizo de información e atención ao cidadán | 24.000 € |
| Xornada: "Cualificación profesional e certificados de profesionalidade" | 1.025 € |
| Xornada: "Formación sobre as altas médicas das Mutuas" | 1.025 € |
| Total | 26.050 € |
| CIG | |
| Servizo de información e atención ao cidadán | 16.120 € |
| Xornada: "Crise económica e alternativas" | 832 € |
| Xornada: "A Gripe A, orixe e consecuencias" | 832 € |
| Total | 17.784 € |
| UGT | |
| Servizo de información e atención ao cidadán | 22.140,16 € |
| Xornada: "Xuventude e iniciativas de emprego" | 1.350 € |

| | |
|---|-------------|
| Xornada: “Aplicación da Lei Concursal en tempos de crise” | 1.400 € |
| Xornada: “A drogodependencia nos centros de traballo” | 1.500 € |
| Total | 26.390,16 € |

6(1709).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1284, 23/2502. CENTRO DE DÍA: Expte. 2/1985.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. M^a Eugenia Lomba Veiga. Expte. 1284/03.
- D^a. Hermelinda Domínguez Domínguez. Expte. 2502/23.

2º.- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. M^a Teresa López Barreiro. Expte. 1985/02.

7(1710).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 73.339,90 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. “SAMYL” POLOS SERVICIOS DE MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 8701/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 10.11.09, conformado pola concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e recoñecemento da obrigación a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” -SAMYL-, por un importe de 73.339,90 euros ive engadido, que se imputarán á Partida 443.0.227.06.00 do vixente exercicio.

8(1711).- INFORMACIÓN SOBRE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS ZONAS COMPLEMENTARIAS DE EXPLOTACIÓN COMERCIAL DO AUDITORIO. EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 9.11.09, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A sociedade concesionaria da construción e explotación do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo e súas zonas complementarias de explotación comercial, interesa información sobre as actuacións municipais a facer para obter a correspondente autorización municipal para a apertura e posta en funcionamento das denominadas zonas comerciais complementarias ubicadas no edificio.

O interesado resulta que está solucionado no contido do Prego de Condicións regulador do Concurso da concesión explotación da obra pública aos que dedica catro artigos, que a continuación transcríbense:

“Cláusula 44: Condicións para a posta en servicio

1. Non se poderá poñer en servicio ningunha parte da obra sen que previamente fora outorgada a Acta de Comprobación parcial do Auditorio–Pazo de Congressos e as súas instalacións e se houberse aberto ó tráfico rodado a totalidade da rúa Jacinto Benavente.

Cláusula 45: Acta de comprobación das obras e autorización para a apertura ó uso público

1. Ó remate das obras, e, ól menos, un (1) mes antes da data prevista para a apertura das mesmas ó uso público da totalidade ou de cada unha da súas partes, a sociedade concesionaria solicitará ó Concello a súa autorización.

2. Previamente á súa autorización, o Concello procederá ó recoñecemento e inspección das obras e levantamento dun Acta de comprobación, debendo comparecer ó acto o Director de Proxecto, o Director de Explotación, un representante do Concello, un técnico municipal, a Dirección Facultativa e un representante da sociedade concesionaria.

3. Este recoñecemento extenderase á totalidade da obra e instalacións cuxa apertura se pretenda, ós sistemas de seguridade e, calesquera outra determinación contida nos proxectos de construción aprobados polo Concello.

4. Á Acta de comprobación acompañarase un documento de valoración das obras executadas e das principais unidades da mesma, e unha declaración do cumprimento, no seu caso, das condicións impostas na declaración de impacto ambiental, que será expedida polo órgano de contratación e no que se fará constar a inversión real realizada.

El prezo final recoñecido comprenderá o prezo incluído na Proposición do Concesionario, ou o real incurrido se fora menor e os incrementos no prezo que se produciran como consecuencia das modificacións previamente aprobadas. O concesionario poderá opoñerse a dita valoración no prazo de 15 días, en cuxo caso, o Concello resolverá motivadamente. Transcorrido o prazo de 15 días sen que o concesionario se opuxera a dita valoración, entenderase aceptada polo mesmo. Non se aplicará en ningún caso revisión de prezos.

5. A aprobación da Acta de Comprobación das obras polo Concello, levará implícita a autorización para a apertura ó uso público do Auditorio-Pazo de Congressos, tódalas demais actividades que pretendan a súa posta en funcionamento requirirá o outorgamento previo da correspondente licenza municipal que autorice a actividade. A data de aprobación da Acta de Comprobación iniciará a súa fase de explotación.

6. Cuando no recoñecemento das obras se observara que as obras ou instalacións se atopan incompletas ou defectuosas, farase constar na Acta de comprobación unha descripción pormenorizada das omisións ou defectos observados, que serán reflectidas nunha Lista de Terminacións de obra, sinalando un novo prazo para o seu remate. Neste suposto, farase constar ademais cales de estas omisións ou defectos non son substanciais para o bo funcionamento da infraestrutura de xeito que non impiden a súa posta en servicio.

7. A lista de “Remates de obra” incluída na Acta de comprobación, co seu prazo de remate, que é improrrogable, será de obrigado cumprimento para a sociedade concesionaria. Unha vez rematado o prazo, o Concello procederá ó

recoñecemento dos traballos efectuados con obxecto de declara-la súa conformidade cos mesmos.

Cláusula 49: Explotación das obras

1. A sociedade concesionaria explotará o obxecto da concesión, asumindo o risco económico da súa xestión, e respetando os requisitos e condicións sinalados no presente prego, no de prescricións técnicas particulares, e, nos termos establecidos na oferta adxudicataria.
2. Durante a fase de explotación, a sociedade concesionaria deberá realiza-las operacións de conservación e mantemento, e, tódalas actuacións de conservación, reparación e vixilancia que sexan precisas para mante-la infraestrutura en óptimas condicións de utilización.
3. Ase mesmo, deberá dispor dos medios técnicos, organizativos, de maquinaria e de persoal, necesarios e adaptados á natureza das funcións a desempeñar.
4. Ademais, a sociedade concesionaria deberá elaborar e presentar no Concello os informes, memorias, plans e programas detallados neste prego e no de prescricións técnicas particulares, quedando obrigada ó cumprimento dos plans e programas de conservación e explotación, unha vez que son aprobados polo Concello.
5. Durante a fase de explotación, o Concello poderá dicta-las instrucións que considere oportunas en relación coas actividades da sociedade concesionaria, para garanti-la súa execución con estricta suxeición ó prego de prescricións técnicas particulares e ó previsto na oferta adxudicataria.

Cláusula 50: Contratación con terceiros

1. A sociedade concesionaria unicamente poderá concertar con terceiros as prestacións accesorias relativas á conservación e explotación do obxecto do contrato. A estos efectos, non se entenderán como terceiros as sociedades, que nos termos previstos no TRLCAP, teñan a consideración de vinculadas coa sociedade concesionaria.
2. Os contratos que se realicen con terceiros deberán ser postos en coñecemento do Concello, con indicación das súas cláusulas e condicións, a fin de que a mesma os autorice nun prazo máximo de un (1) mes.
3. As diferentes fincas ou locais da denominada Zona Complementaria recoñecidos no proxecto de execución, poderán ser obxecto de subcontratación de forma unitaria ou diferenciada para algún deles ou partes dos mesmos por calquera negocio xurídico por un prazo que en ningún suposto supere o prazo de contrato concesional proposto na súa oferta polo adxudicatario, debendo comunicar ó Concello os contratos que realice en relación co uso e explotación dos inmobles, para a súa aprobación con carácter previo á súa execución, non podendo ser denegada sen causa xustificada e debidamente motivada.”

Evidentemente o contido de ditas cláusulas deben de ser interpretadas co disposto na Ley 13/2003 de 23 de mayo reguladora del contrato de concesión de obra pública, que dedica dos artigos ao respecto:

“Artículo 223. Zonas complementarias de explotación comercial.

1. Atendiendo a su finalidad, las obras públicas podrán incluir, además de las superficies que sean precisas según su naturaleza, otras zonas o terrenos para la ejecución de actividades complementarias, comerciales o industriales que sean necesarias o convenientes por la utilidad que prestan a los usuarios de las obras y que sean susceptibles de un aprovechamiento económico

diferenciado, tales como establecimientos de hostelería, estaciones de servicio, zonas de ocio, estacionamientos, locales comerciales y otros susceptibles de explotación.

Estas actividades complementarias se implantarán de conformidad con lo establecido en los pliegos generales o particulares que rijan la concesión y, en su caso, con lo determinado en la legislación o el planeamiento urbanístico que resulte de aplicación.

Las correspondientes zonas o espacios quedarán sujetos al principio de unidad de gestión y control de la Administración pública concedente y serán explotados conjuntamente con la obra por el concesionario directamente o a través de terceros en los términos establecidos en el oportuno pliego de la concesión.

Artículo 241. Terminación de las obras.

1. A la terminación de las obras se procederá al levantamiento de un acta de comprobación por parte de la Administración concedente. El acta de recepción formal se levantará al término de la concesión cuando se proceda a la entrega de bienes e instalaciones al órgano de contratación. El levantamiento y contenido del acta de comprobación se ajustarán a lo dispuesto en el pliego de cláusulas administrativas particulares y los del acta de recepción a lo establecido en el [artículo 147 de esta Ley](#).

2. Al acta de comprobación se acompañará un documento de valoración de la obra pública ejecutada y, en su caso, una declaración del cumplimiento de las condiciones impuestas en la declaración de impacto ambiental, que será expedido por el órgano de contratación y en el que se hará constar la inversión realizada.

3. En las obras financiadas parcialmente por la Administración concedente, mediante abonos parciales al concesionario con base en las certificaciones mensuales de la obra ejecutada, la certificación final de la obra acompañará al documento de valoración y al acta de comprobación a que se refiere el apartado anterior.

4. La aprobación del acta de comprobación de las obras por el órgano de la Administración concedente llevará implícita la autorización para la apertura de las mismas al uso público, comenzando desde ese momento el plazo de garantía de la obra cuando haya sido ejecutada por terceros distintos del concesionario, así como la fase de explotación.”

O Prego ten unha clara intención que é primar que a Acta de Comprobación das obras alcanzase a práctica totalidade das actividades a prestar e que as actividades fosen solicitadas pola sociedade concesionaria como interlocutor único co Concello, e de non ser así, o Concello tiña que autorizar previamente á formalización dos contratos con terceiros os usos aos que destinaríanse as superficies comerciais, que recordo que nun 30 % de eles tiñan que ter relación coa actividade cultural, para evitar a desvirtuación do fin previsto e que instalasense actividades non compatibles ou non aconsexables no edificio como recollíase no Estudio de Viabilidade..

Debe terse en conta que no momento de redacción dos pregos a superficie edificable do edificio tiña 47.000 m²/edif. a maiores dos que contempla hoxe o Proxecto de execución e destinábanse a superficie comercial.

En consecuencia, procede informar á Sociedade Concesionaria que polo que respecta as autorizacións municipais para a posta en funcionamento das instalacións da zona complementaria de explotación comercial ten o seguinte réxime:

1.- Si solicítanse conxuntamente coa denominada zona pública pola Sociedade Concesionaria a aprobación da Acta de Comprobación das obras ao proxecto de execución aprobado autoriza a explotación das mesmas.

2.- Si solicítanse pola sociedade concesionaria nun momento posterior a aprobación da Acta Parcial de Comprobación das obras da zona pública, terá que outorgarse unha Acta complementaria e súa aprobación permitirá o exercicio da actividade.

En ambos casos, obviamente, deberán presentar as correspondentes certificacións o informes da Dirección facultativa do cumprimento extricto da normativa aplicabel a cada actividade.

O presente informe ten que ser aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa calidade de Órgano de Contratación do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe.

9(1712).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “PROXECTO DE RETIRADA E SUBSTITUCIÓN DO AXENTE EXTINTOR NAF-SIII DOS ARQUIVOS CASA GALEGA DA CULTURA DE VIGO”. EXPTE. 11863/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 10.11.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Con data 10 de novembro de 2009 o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural resolveu adxudicar á empresa Systems Niscayah S.A. os traballos de retirada e substitución do NAF-III da Casa Galega da Cultura sita na praza da Princesa nº 2 de Vigo.

A Xunta de Goberno Local acordou nomear a D. José Manuel Fouces Díaz, inxeniero técnico industrial, nº de Colexiado 1930, director da empresa Tecnigal S.L., para realizar a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos de retirada e substitución do NAF-III da Casa Galega da Cultura sita na praza da Princesa nº 2, e para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

A empresa Systems Niscayah S.A. presenta e asina o “Plan de seguridade y salud, retirada y sustitución del agente extintor NAF SIII de los archivos de la Casa Galega da Cultura de Vigo” adecuado á execución dos traballos, segundo o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establécense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estuda, desenvolve e complementa as previsión do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, segundo establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/97.

Con data 10 de novembro de 2009, D. José Manuel Fouces Díaz, inxeniero técnico industrial, nº de Colexiado 1930, director da empresa Tecnigal S.L., coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra asina a acta de aprobación do plan de seguridade e saúde.

Visto o informe anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado o “Plan de seguridade y salud, retirada y sustitución del agente extintor NAF SIII de los archivos de la Casa Galega da Cultura de Vigo”, por D. José Manuel Fouces Díaz, inxeniero técnico industrial, nº de Colexiado 1930, director da empresa Tecnigal S.L., coordinador de

seguridade e saúde na fase de execución de obra asina a acta de aprobación do plan de seguridade e saúde.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1713).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS POLA ORGANIZACIÓN DO “VIII TORNEO INTERNACIONAL CIDADE DE VIGO 2009 E O LXVIII CTO. DE VIGO DE TENIS”. EXPTE. 8843/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.11.09, o informe de fiscalización do 20.11.09, e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 28.09.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Tenis, en relación á subvención pola organización do VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis, celebrados entre o 24 de xullo e o 30 de agosto de 2009, e que se achega con este expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 14.000,00€ a favor da entidade Federación Galega de Tenis, CIF: G-15102767, e con enderezo social na rúa Velázquez Moreno, 29, Vigo 36209. O pagamento realizarase na conta 2080.0527.100040000930 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

Convenio entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Tenis pola organización do "VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis"

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, Don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra parte, Don Antonio Santorio Otero como presidente da Federación Galega de Tenis, CIF nº G-15102767 e enderezo social na rúa Velázquez Moreno, 29, 36202 en Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8843-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o "VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tennis" son dous clásicos no calendario deportivo da cidade de Vigo, coa participación de competidores e competidoras da élite nacional e Internacional, sendo cada tempada un dos referentes da especialidade para os afeccionados e os visitantes da nosa cidade.

O VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tennis, obtiveron unha importante expectativa deportiva na cidade, outorgándolle o carácter de escaparate da cidade, e permitindo que na actualidade esté considerado como un dos máis importantes das súas características a nivel nacional.

Asemade a Federación Galega de Tennis é a única entidade destas características con capacidade para a organización do devandito evento, a única que dispón dos medios e das autorizacións Federativas para a organización, polo que a subvención se establece mediante un convenio, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que poda facer esta función. A Federación Galega de Tennis ten experiencia para o fomento deste tipo de Torneos, sendo a entidade que colaborou co desenvolvemento do Torneo nos últimos anos debido á súa contratada capacidade organizativa.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

4. Promocionar a cidade de Vigo no ámbito deportivo e turístico como sede de grandes espectáculos deportivos capaces de atraer a atención nacional e Internacional durante o desenvolvemento da competición.
5. Colaborar co ámbito de desenvolvemento do deporte como referencia para os deportistas da cidade.
6. Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.
7. Promocionar o deporte-espectáculo na cidade de Vigo como alternativa de ocio.
8. Consolidar á cidade de Vigo como unha das referencias a nivel Internacional no ámbito deportivo.
9. Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento do deporte espectáculo e de competición no ámbito da cidade de Vigo.
10. Consolidar o nivel da imaxen deportiva da cidade de Vigo.

III.- Que a entidade Federación Galega de Tennis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 8843-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo, social e turístico que para a cidade de Vigo representou a devandita actividade organizada pola Federación Galega de Tennis, o Concello de Vigo e a dita entidade Federación Galega de Tennis convenen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Tennis certifica que cumpriu cos seguintes compromisos de colaboración coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo en canto á organización do VIII

Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis celebrados entre o 24 de xullo e o 30 de agosto de 2009 e, concretamente:

1º- Organizou o "VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis" celebrados en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado.

2º- Asumiu as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

3º- Facilitou o acceso a persoas con minusvalías físicas ó recinto, tendo en conta a gratuidade para dito colectivo.

4º- Todos os medios de difusión e promoción empregaron o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebrou o evento figurarou en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.

5º- A organización puxo a disposición da Concellería de deportes invitacións para promover o evento.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á Federación Galega de Tenis unha subvención por importe de 14.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación polo desenvolvemento dos eventos realizados según os proxectos presentados, pola celebración do VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis, con cargo a partida do orzamento vixente 4521.489.00.01.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultou ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciron na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria incluiu a imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, en calqueira actividade ou evento relacionado co Torneo, na cartelería e demais material gráfico elaborado aos efectos, según os criterios da Concellería de Deportes.

Sexto.- A vixencia do presente convenio é única e exclusivamente pola realización do "VIII Torneo Internacional Cidade de Vigo 2009 e o LXVIII Cto de Vigo de Tenis".

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses, a contar desde a sinatura deste convenio de colaboración, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención; os xustificantes de pago dos gastos incorridos por importe da subvención con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa conformada deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos por importe da subvención.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 45 días anteriores á celebración do evento e o 15 días posteriores á celebración do mesmo.

A beneficiaria deberá presentar 3 ofertas solicitadas para gastos que excederan de 30.000,00 € por execución de obra ou 12.000,00 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non existera mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

11(1714).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES A PROL DA IGUALDADE. EXPTE. 4023/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.11.09, o informe de fiscalización do 20.11.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 23.09.09, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas e o Concello de Vigo para o desenvolvemento de actividades a prol da igualdade.

2º.- Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 10.000,00€ (dez mil euros) para facer fronte aos gastos derivados da execución deste convenio, desglosado do seguinte xeito: 5.000,00 euros con cargo á partida presupostaria de nova creación “Convenio de colaboración con Mulheres Nacionalistas Galegas para o desenvolvemento de actividades a prol da igualdade” 4632.489.00.10 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente e 5.000,00 euros con cargo á mesma partida 4632.489.0010 do orzamento futuro da concellería de igualdade.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDAS

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.

Doutra, dona Luisa Ocampo Pereira, como representante da Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas, con CIF número G36767119, con enderezo social na rúa Urzaiz, 130-1º d Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 4023-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

Primeiro.- A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo exerce unha destacada actividade social para atender as diversas dificultades e demandas das mulleres para facer valer os seus dereitos nos diferentes ámbitos profesionais, sociais e familiares. En concreto, a Concellería de Igualdade ten entre as súas competencias a organización e apoio de actividades destinadas ao fomento da igualdade a á difusión de modelos sociais que recoñezan e visibilicen o rol social das mulleres en pé de igualdade.

Segundo.- A asociación Mulheres Nacionalistas Galegas, é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable, e adaptaron os seus estatutos á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A ampla traxectoria desta asociación caracterízase pola súa intensa defensa dos dereitos da muller e no combate e denuncia da violencia de xénero. É unha entidade que ten participado activamente no Consello Municipal da Muller desde os seus comezos.

Terceiro.- Entre os fins da asociación Mulheres Nacionalistas Galegas destacan:

- 1. A defensa e loita polos dereitos das mulleres constituíndose en canle de denuncia de situacións especialmente gravosas para elas.*
- 2. Traballar en todos aqueles aspectos que atinxan á muller en todos os ámbitos: social, político, sanitario, económico, laboral, etc.*
- 3. Loitar e defender os plantexamentos en prol da igualdade da muller en todos os aspectos.*
- 4. A promoción e desenvolvemento de estruturas que posibiliten a loita contra a violencia de xénero recabando os apoios sociais e/ou institucionais necesarios para a súa erradicación.*
- 5. O estudio do papel das mulleres na historia do país así como a súa divulgación por todos os medios que se consideren oportunos.*
- 6. Fomentar os valores do feminismo a través da coordinación, realización e preparación de actividades.*
- 7. Potenciar a relación entre os distintos estamentos que interveñen no proceso de loita contra a violencia de xénero, fomentando así a conxunción de distintas experiencias e perspectivas na búsqueda da necesaria eliminación de toda forma de violencia contra as mulleres.*
- 8. A promoción e desenvolvemento técnico e profesional no campo da muller, a través da organización de cursos, xornadas, seminarios, congresos, conferencias, etc.*
- 9. A realización de convenios de colaboración con Fundacións, asociacións, persoas físicas ou xurídicas orientadas a realización de campañas informativas, cursos, seminarios, etc.*

Cuarto.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Quinto.- Desde setembro de 2009 a setembro de 2010, a Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas pretende desenvolver diversas iniciativas que teñen por obxecto informar, sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre a igualdade efectiva entre mulleres e homes e a prevención e sensibilización sobre o tratamento da violencia de xénero. Nomeadamente as accións do proxecto consisten na realización cando menos das seguintes actividades: “Xornadas para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero”. “Xornadas sobre o aborto desde unha perspectiva de xénero”, “Obradoiro de lingua e usos non sexistas” e “Programación, creación e mantemento de páxinas web e weblogs”.

Sexto.- Que a Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e/ou certificacións que figuran no expediente.

Sétimo.- Considerando que os fins da Asociación de Mulheres Nacionalistas Galegas cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, e valorando que as accións obxecto deste convenio poden realizarse de xeito conxunto, e, atendendo ao labor que as dúas entidades teñen encomendada, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, en base aos seguintes,

PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é a organización e desenvolvemento dun programa de accións a prol da igualdade que teñan por obxecto informar, sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre a igualdade efectiva entre mulleres e homes e a prevención e sensibilización sobre o tratamento da violencia de xénero. Nomeadamente as accións do proxecto consisten na realización cando menos das seguintes actividades: “Xornadas para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero”. “Xornadas sobre o aborto desde unha perspectiva de xénero”, “Obradoiro de lingua e usos non sexistas” e “Programación, creación e mantemento de páxinas web e weblogs”, de acordo coa memoria do programa recollida no Anexo I.

Segundo.- A Asociación de Mulheres Nacionalistas Galegas comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Informar á concellería de igualdade dos aspectos da organización programados para cada actividade (datas, horarios, relatoras, inscricións, emprazamentos, etc) coa debida antelación, co obxecto de que o Concello de Vigo sexa partícipe da difusión da actividade.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5- Presentar ante á Concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual

6.- As obrigas da Asociación de Mulheres Nacionalistas Galegas, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1.- Conceder directamente á Asociación de Mulheres Nacionalistas galegas, unha subvención por importe de 10.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e da prevención e sensibilización sobre o tratamento contra a violencia de xénero.

2.- Colaborar na difusión das accións obxecto deste convenio entre os medios e a cidadanía; especialmente entre o colectivo de mulleres da cidade e os servizos específicos de atención á muller.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

1. A primeira, por importe de 3.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo do 30% da subvención que se lle concede, axuda motivada para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
2. A segunda por importe de 2.000,00€ no mes de decembro, previa a entrega do primer informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
3. A terceira por importe de 5.000,00€ no mes de xuño de 2010 previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Oitavo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

*Dúas representantes da Asociación Mulheres Nacionalistas Galegas
A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
Unha funcionaria adscrita ao servizo de igualdade*

Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo e anagrama oficial da Concellería de Igualdade en canto material escrito e audiovisual se edite con motivo das accións obxecto deste convenio ou posteriores publicacións e/ou reseñas ao programa.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de setembro de 2009 ao 31 de setembro de 2010.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na

Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.”

12(1715).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE GARAXES PROPIEDAD DO CONCELLO NA RÚA ANDURIÑA Nº 21. EXPTE. 18767/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 17.10.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña nº 21 bloques 2 e 4, en concepto de pago de cuotas de comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade das prazas de garaxe relacionadas, correspondentes a anualidadee 2009, o importe de 400 euros. Dito importe será aboado na Cta. Bancaria nº 2080 0141 45 0000025060.

13(1716).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DO INMOBLE PROPIEDAD DO CONCELLO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18780/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 3.11.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmoible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de outubro, novembro e decembro de 2009, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid,que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 12102112005 do vixente presuposto.

14(1717).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DO BAIXO PROPIEDAD DO CONCELLO NA RÚA EUGENIO KRAFF Nº 28. EXPTE. 18788/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 5.11.09, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Eugenio Kraff nº 28 en concepto de pago de cuotas de comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade do baixo de dito inmovible, correspondentes a anualidade 2009 o importe de 83,96 euros.

15(1718).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÉSTAMO Á “LA CASA ENCENDIDA” DA OBRA “COSA” DE JOSÉ MARÍA DE LABRA PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 3578/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 2.11.09, e a conformidade do delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal á LA CASA ENCENDIDA; para a exposición temporal “LUÍS ROSALES”, a celebrar entre o 22 de abril e o 6 de xuño de 2009 en LA CASA ENCENDIDA, Ronda de Valencia nº 2. 28012, Madrid, da obra pertencente á colección de arte do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: “A Cousa” de José María Labra Suazo (nº inv: 543), conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

16(1719).- PROPOSTA PARA FACULTAR AO TENENTE DE ALCALDE Á SINATURA PARA A ADQUISICIÓN DOS INMOBLES SITOS NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ Nº 8, 10 E 12, ASÍ COMO O INMOBLE SITUADO NA RÚA ALTA Nº 18, ESQUINA CHAO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 23.11.09, conformada polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Na sesión extraordinaria do 21 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

- ADQUISICIÓN DE INMOBLES ASOCIADOS AO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. EXPTE. 5104/307.

- ADQUISICIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DUN INMOBLE SITUADO EN RÚA ALTA 18, ESQUINA CHAO, PARA INSTALACIÓN DE DOTACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 5091/307.

Deste xeito, para poder executar os referidos acordos mediante a formalización dos contratos de compravenda en escritura pública e inscribirse no rexistro da propiedade, débese facultar ao Tenente Alcalde para proceder á sinatura da documentación necesaria.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

- PRIMEIRO: Facultar ao Tenente de Alcalde, d. Santiago Domínguez Olveira, para a sinatura da documentación necesaria para a adquisición dos inmobles situados na rúa Abeleira Menéndez números 8, 10 e 12, así como o inmovible situado na rúa Alta, 18, esquina Chao.
- SEGUNDO: Elevar a escritura pública e inscribir no Rexistro da Propiedade os dous contratos de compravenda, e tramitar a súa inscrición no Inventario Municipal de Bens.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1720).- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO, SOBRE DESPIDO DE Dª PAULA CREMADES PAZ E MONTSERRAT SOTO SÍO. EXPTE. 19456/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos, do 19.11.09, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data 14 de xullo de 2008, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictou sentenza no recurso de suplicación 2786/08, interposto por Dª Paula Cremades Paz, Dª Eva Susana Candeira Rodríguez e Dª Montserrat Soto Sío e polo Concello de Vigo contra a sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo de 31 de marzo de 2008, estimatoria parcial da demanda.

Na sentenza dictada en suplicación o TSXG desestima dito recurso confirmando integramente e en todos os seus pronunciamentos a sentenza do Xulgado do Social nº 1, na que se falla literalmente que:

"Que estimando en parte la demanda interpuesta por las actoras, debo declarar y declaro improcedentes los despidos de que fueron objeto las mismas con fecha 31 de diciembre de 2007 por parte del Concello de Vigo, al que condeno a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta resolución opte entre la readmisión de las trabajadoras o abonarles las siguientes indemnizaciones: a Dª Paula Cremades Paz 21.108,56 euros, a Dª Eva Susana Candeira Rodríguez 33.754,80 euros y a Dª Montserrat Soto Sío 40.030,67

euros, opción que deberá exercitar mediante escrito o comparecencia ante la Secretaría de este Juzgado en el plazo indicado y sin esperar a la firmeza de la presente sentencia, así como a que en ambos casos les abone los salarios dejados de percibir desde la fecha del despido hasta la notificación de esta resolución a razón respectivamente de 64,78, 103,59 y 122,85 euros diarios, advirtiéndolo al citado demandado que en caso de no optar en el plazo y forma expresados se entenderá que procede la readmisión, desestimando las demás pretensiones deducidas en la demanda, de las que absuelvo al Concello demandado."

Optando o Concello polo abono dos salarios deixados de percibir.

Contra dita resolución interponse recurso de suplicación pola representación legal Concello así como polo letrado das demandantes. Asímesmo, polas interesadas coa excepción de D^a Eva Susana Candeira Rodríguez, que solicitou individualmente a execución da sentenza do Xulgado do Social nº 1, interpúxose recurso de casación para a unificación de doutrina perante o Tribunal Supremo, por existir sentenzas con criterio xurídico diferente, que por auto de data 21 de abril de 2009, declarou a inadmisión de dito recurso.

Con data 29 de xuño de 2009, o Xulgado do Social nº 1 dicta auto polo que se require ao Concello de Vigo o cumprimento da sentenza nos seus propios termos, dando cumprimento á execución 153/2009.

Como consecuencia dos anteriores feitos con data 16 de novembro pola técnica de xestión deste Servizo de Recursos Humanos realízase informe no que se especifican as cantidades que deberán percibir as interesadas, correspondendo a D^a Paula Cremades Paz 21.108,56 € como indemnización e 4.786,21 € de salarios de tramitación e a D^a Montserrat Soto Sío 40.030,67 € como indemnización e 9.076,65 € de salarios de tramitación.

Asímesmo, instrumentouse a correspondente modificación de crédito para incrementar a partida correspondente a "Indemnizacións por sentenzas xudiciais", aprobada definitivamente e publicada no BOP de 22 de setembro de 2009.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residencia con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sómétese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento a execución 153/09, nos autos seguidos a instancia de Dª Paula Cremades Paz e Dª Montserrat Soto Sío, en relación coa sentenza 168/2008 do Xulgado do Social nº 1 dos de Vigo e sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 14 de xullo de 2008.

SEGUNDO.- Ordear que se proceda ao abono da contía de 82.879,72 € con cargo á partida 1210.1410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”, co seguinte desglose 61.139,23 € en concepto de indemnización, 13.862,85 € e 7.877,74 € correspondentes a costas e intereses, na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1871 30 0000000000 co concepto: 3626-0000-64-015309.

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social, deberá procederse no momento que se realice a correspondente liquidación anual de cotizacións, co estar integrados no sistema de RED, da contía en concepto de cotización á seguridade social por un importe total de 6.613,96 € e pola Intervención Xeral a liquidación de IRPF, por importe de 2.645,58 €.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Promoción Económica e Emprego e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1721).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AO MES DE OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 19430/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de formación de Recursos Humanos, do 11.11.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

| SERVICIO | MES | APELIDOS E NOME | IMPORTE FESTIVAS | IMPORTE NOCTURNAS | IMPORTE TOTAL |
|---------------------------|------------|--|------------------|-------------------|---------------|
| Desinfección | Outubro | De Pardelals Avion, A. Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel | 192,48 | 173,44 | 365,92 |
| I.M.D. | Outubro | De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio | 174,44 | 8,13 | 182,57 |
| 1ª Tenencia Alcaldía | Outubro | De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A. | 192,48 | 75,88 | 268,36 |
| Alcaldía | Outubro | Abalde Comesaña, Raquel | 112,28 | 0,00 | 112,28 |
| Alcaldía | Outubro | De Costas Fernández Basilio a Fontan Balbuena, Camilo | 597,49 | 102,98 | 700,47 |
| Bombeiros | Outubro | De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B | 31.999,80 | 17.639,39 | 49.639,19 |
| Cemiterios | Outubro | De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro | 2.761,92 | 0,00 | 2.761,92 |
| Limpeza | Outubro | De Hermida Sanmartin, Juan José a Lojo Pancorbo, José Manuel | 260,65 | 487,80 | 748,45 |
| Electromecánicos | Outubro | Arias Rodriguez Damaso | 88,22 | 398,37 | 486,59 |
| Parque Central | Outubro | De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio | 1.203,00 | 756,09 | 1.959,09 |
| Montes, Parques e Xardíns | Outubro | De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis | 1.604,00 | 756,09 | 2.360,09 |
| Parque Móbil | Outubro | De Alvarez Bernardez, Amador a Vulcano Ferreyra, J. Genaro | 1.353,38 | 989,15 | 2.342,53 |
| Cultura | Outubro | Vázquez Martínez, Ramón | 41,30 | 0,00 | 41,30 |
| Educación | Marzo Xuño | De Amoedo Salgado, Agustín a Vallejo Ricon, Manuel | 3.629,25 | 0,00 | 3.629,25 |
| Biblioteca | Outubro | De Prieto Rodríguez, Pilar a Aguiar Castro, César | 144,36 | 0,00 | 144,36 |

| SERVICIO | MES | APELIDOS E NOME | IMPORTE FESTIVAS | IMPORTE NOCTURNAS | IMPORTE TOTAL |
|-----------------------------------|---------|---|------------------|-------------------|---------------|
| Policía Local | Outubro | De Abalde Casanova Ivan a Vivero Mijares, Juan Guillermo | 39.199,95 | 28.860,75 | 68.060,70 |
| Policía Local (xornada en exceso) | Outubro | De Alonso Couñago, César a Villar Salgueiro, Jaime | 4.545,38 | 555,60 | 5.100,98 |
| Policía Local (xulgados) | Outubro | De Alonso Caride, Constante a Vila Campos, Francisco José | 4.555,36 | 0,00 | 4.555,36 |
| | TOTAL | | 92.655,73 | 50.803,67 | 143.459,40 |

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 143.459,40 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.

19(1722).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO DA PARROQUIA DE CORUXO. EXPTE. 54/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Estudios Medioambientales y Proyectos, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras do Exped 54-440 Ampliación saneamento parroquia de Coruxo coas seguintes características:

- Prezo total de 128.252,08 euros
- Non incrementa o prazo de garantía (esta circunstancia modifícase respecto do acordo de adxudicación provisional xa que a empresa non ofertou incremento do prazo de garantía).
- Non incrementa a aportación ó control de calidade.
- Aporta 2 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 2 procederán da situación legal de desemprego.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

20(1723).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PAIS E AMIGOS DE NENOS CON PARÁLISE CEREBRAL “HOY POR MAÑANA” PARA O ANO 2009. EXPTE. 2594/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.10.09, o informe de fiscalización do 11.11.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 1.09.09, conformado pola concelleira de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, que se adxunta o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 25.000 euros a favor da entidade Asociación Hoy por Mañana, N.I.F. G-36.806.917. con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

3º.- Que se libre a cantidade de 12.500 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo.

4º.- Facultar á Concelleira de Xuventude, Iolanda Velodo Ríos para a sinatura do presente convenio”.

Na Casa do Concello de Vigo, a

REUNIDOS

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra parte, Dña. Elena Elvira Piñeiro García, con D.N.I.11.395.179-J en representación do Asociación Hoy por Mañana, C.I.F. G-36.627.495 e enderezo social en R/ Sagunto, 86 , na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. _____.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana ten entre os seus obxectivos a defensa da calidade de vida dos veciños en todos os seus eidos, a consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da parroquia de Lavadores un lugar digno onde vivir e convivir. Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- Que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traveso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a Asociación Hoy por Mañana, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, “a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público”.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo a traveso da Concellaría de Xuventude decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a Asociación Hoy por Mañana a única entidade que desenvolve na Rúa Sagunto, 86, no Calvario, este programa de Ludoteca dun xeito continuado dende 1.999 e conta con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar este actividade que ten un claro interese publico e zonal

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- . Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente concenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

V.- Que a entidade Asociación Hoy por Mañana non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. _____.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Hoy por Mañana , o Concello de Vigo e a Asociación Hoy por Mañana, conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación Hoy por Mañana comprométese a colaborar coa Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolvemento da actividade de Ludoteca e, concretamente, a:

1º.- Ofrecer un espazo de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo.

2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.

3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

5º.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

6º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2º.- Aboar á Asociación Hoy por Mañana a cantidade de 25.000 € (VINTECINCO MIL) EUROS pola organización e desenvolvemento do programa concretado nunha Ludoteca durante o ano 2009, con cargo á partida 4520.489.00.00 “ Subvencións Actividades ” do orzamento en vigor.

3º.- Conceder directamente á Asociación Hoy por Mañana unha subvención por importe de 25.000 € co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade de ludoteca destinada a nenos e nenas de 4 a 10 anos como mínimo, que se desenvolverá dacordo co programa presentado, de luns a venres en horario 17:00 e 20:00 hs, e en xullo de 9:30 a 13:30 hs

Co obxecto de tratar de conciliar a vida laboral coa familiar, tentarase adaptar o horario de prestación da actividade ás necesidades das familias en periodo de vacacións escolares.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade Hoy por Mañana deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta

comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (12.500 €) e outro do 50% restante (12.500 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.

Quinto.- (Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución).

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A entidade Asociación Hoy por Mañana debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

(Cando a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas Asociación Hoy por Mañana, estas poderán exercer o seu dereito a que tales datos non se fagan públicos).

Noveno.- A Asociación Asociación Hoy por Mañana, no prazo de 2 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor

probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a Asociación Hoy por Mañana solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a Asociación Hoy por Mañana deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2009.

A Asociación Hoy por Mañana deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude . O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A Asociación Hoy por Mañana deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Asociación Hoy por Mañana da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A Asociación Hoy por Mañana está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A Asociación Hoy por Mañana poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo”

21(1724).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS 2009. EXPTE. 2502/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 20.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xuventude, do 6.11.09, conformado pola xefa do

Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 22 de maio de 2009 adoptou o seguinte acordo: Aprobar a Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. Concello de Vigo. 2009, cun orzamento municipal de 24.000€.

A convocatoria foi publicada en diferentes medios da prensa local así como na sección de información municipal, na web do Concello(vigo.org) e na web de xuventude(xuventudevigo,.org). A publicación no BOP foi o 1 de xuño de 2009.

Unha vez rematado o prazo de admisión, presentaron solicitude de subvención as seguintes entidades:

4. *Asociación Veciñal Dr. Fleming*
5. *Asociación Xuvenil de actividades de ocio de Matamá*
6. *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva “San Xurxo”*
7. *Asociación Veciñal de Teis*
8. *ADAFYC- Club Doira*
9. *Agrupación medioambiental Estela*
10. *Asociación de persoas sordas de Vigo*
11. *Asociación benéfica Beiramar de Vigo*
12. *Asociación Albeiro*
13. *Cruz Roja Española*
14. *Asociación Areas*
15. *Club Vieja Escuela Roller*
16. *Asociación Autismo Vigo*
17. *Asociación cultural medioambiental “O bosque é vida”*
18. *Asociación xuvenil do CSCR de Beade*
19. *Asociación xuvenil IPPON*
20. *A.V.C.R. San Mamede de Zamáns*
21. *Grupo “Cheos de pus”*
22. *Asociación Xogais*
23. *Asociación Xuvenil Xentenova*
24. *Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo*
25. *Grupo xuvenil A Salgueira*
26. *Sociedade veciñal, cultural e deportiva Nautilus*
27. *Asociación “Xuntanza Xuvenil” de Valladares*

Analizadas pola Comisión de Valoración as solicitudes presentadas e logo de comprobar a correcta presentación e a correspondente documentación aportada, establecida na base décimo primeira das bases; quedan excluídas polos motivos especificados as seguintes entidades:

- *Asociación Albeiro, con CIF: 36619039, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.*
- *Asociación Areas, con CIF: 36768729, por non presentar a documentación solicitada na base décimo primeira, apdos f e h das bases xerais da Convocatoria.*

- Asociación cultural medioambiental “O bosque é vida” con CIF: G36999365, por non presentar un proxecto a realizar durante o ano 2009 tal e como consta na base primeira de obxecto da subvención, das bases xerais da convocatoria.
- Grupo “Cheos de pus”, por non presentar a documentación solicitada na base décimo primeira, grupos de mozos, apdo e) e apdo h) das bases xerais da convocatoria.
- Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, con CIF: G36614097, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.
- Sociedade Veciñal, Cultural e Deportiva Nautilus, con CIF: G36631703, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.

O resto das solicitudes, analizadas pola Comisión de Valoración, cumpren as condicións requiridas nas bases da convocatoria ao respecto dos requisitos e documentación a aportar coa solicitude e proxecto presentados.

E, polo tanto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º- Excluir da lista de admitidos ás seguintes solicitudes polos motivos referidos a continuación:
- Asociación Albeiro, con CIF: 36619039, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.
- Asociación Areas, con CIF: 36768729, por non presentar a documentación solicitada na base décimo primeira, apdos f e h das bases xerais da Convocatoria.
- Asociación cultural medioambiental “O bosque é vida” con CIF: G36999365, por non presentar un proxecto a realizar durante o ano 2009 tal e como consta na base primeira de obxecto da subvención, das bases xerais da convocatoria.
- Grupo “Cheos de pus”, por non presentar a documentación solicitada na base décimo primeira, grupos de mozos, apdo e) e apdo h) das bases xerais da convocatoria.
- Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, con CIF: G36614097, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.
- Sociedade Veciñal, Cultural e Deportiva Nautilus, con CIF: G36631703, por non presentar correctamente o solicitado na base décimo primeira, apdo g) de asociacións, das bases xerais da Convocatoria.
- 2º- Conceder unha subvención para as seguintes entidades que a continuación se relacionan coa ponderación correspondente. (As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente na Acta da Xuntanza da Comisión):

| ASOCIACIÓN/GRUPO | Puntos | Subvención |
|-------------------------|---------------|-------------------|
|-------------------------|---------------|-------------------|

| | | |
|---|-------------|-------------------|
| <i>ASOCIACIÓN VECIÑAL DOCTOR FLEMING G36709004 Importe total:2630€ Subvención: 1897,50€ XUVENTUDE FLEMING</i> | <i>7,77</i> | <i>1.297,56 €</i> |
|---|-------------|-------------------|

| | | |
|--|-------|------------|
| <p>ASOCIACIÓN VECIÑAL DE TEIS CIF: G36646545 Importe total:2488 € Subvención: 1000€ III CINEFORUM: GALICIA E O MEDIO AMBIENTE</p> | 7,26 | 1.212,39 € |
| <p>ADAFYC-CLUB DOIRA G 36621852 Importe total: 18400€ Subvención: 2100€ JORNADAS DE JÓVENES CIÉNTIFICOS</p> | 8,12 | 1.356,01 € |
| <p>AGRUPACIÓN MEDIOAMBIENTAL ESTELA NIF: 39450600 B Importe total:2050€ Subvención: 1000€ PROTEXE A TÚA RÍA</p> | 7,55 | 1.260,82 € |
| <p>ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO CIF: 36024981N Importe total:1100 € Subvención: 1100€ III EDICIÓN DE PARTICIPANDO TODOS</p> | 7,36 | 1.229,09 € |
| <p>ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR CIF: G 36806693 Importe total: 1600€ Subvención: 1000€ XORNADAS INTERCULTURAI</p> | 6,87 | 1.147,26 € |
| <p>CRUZ ROJA ESPAÑOLA CIF: 2866001G Importe total:4380 € Subvención: 2190€ PROXECTO VERANEO 09</p> | 10,42 | 1.740,10 € |
| <p>CLUBE VIEJA ESCUELA ROLLER G: 36571123 Importe total: 10123€ Subvención: 6573€ CAVIL 2009.CAMPIONATO IN LINE CIUDADE DE VIGO</p> | 9,24 | 1.542,38 € |
| <p>ASOCIACIÓN AUTISMO VIGO G: 36849883 Importe total: 3560€ Subvención: 2780€ ACTIVIDADES LÚDICAS, CULTURAI E DEPORTIVAS PARA PERSOAS CON TEA</p> | 6,43 | 1.073,78 € |
| <p>ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE G:36851806 Importe total: 1387€ Subvención: 792€ A XUVENTUDE DE BEADE</p> | 7,08 | 1.182,33 € |
| <p>ASOCIACIÓN XUVENIL IPPON CIF: G36867661</p> | 8,33 | 1.391,08 € |

| | | |
|--|-------|------------|
| <p>Importe total: 760,25€ Subvención: 500€ MARCO DE ACTIVIDADES 2009</p> | | |
| <p>AVCR San MAMEDE DE ZAMÁNS CIF: G 36691855 Importe total: 800€ Subvención: 500€ FESTA DA ESPUMA EN ZAMÁNS</p> | 7,96 | 1.329,29 € |
| <p>ASOCIACION XOGAIS CIF: G 36917037 importe total: 5930€ Subvención: 2965€ XOVES FACE-BOOK</p> | 8,48 | 1.416,13 € |
| <p>ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA CIF:G 36636538 Importe total: 2200€ Subvención: 1700€ PROXECTO EIXO.ITINERARIO DE EDUCACIÓN EN VALORES DENDE O TEMPO LIBRE</p> | 9,35 | 1.561,41 € |
| <p>GRUPO XUVENIL DA SALGUEIRA Importe total: 13800€ Subvención: 6900€ XII MEMORIAL PABLO GALLEGO “PECHECHE”</p> | 10,07 | 1.681,65 € |
| <p>ASOCIACIÓN XUVENIL “XUNTANZA XUVENIL” DE VALLADARES CIF:G 36784951 Importe total: 14200€ Subvención: 3650€ MANTEMENTO DE SERVIZOS A MOCIDADE E ACTIVIDADES 2009</p> | 9,4 | 1.569,76 € |
| <p>ASOCIACIÓN XUVENIL DE ACTIVIDADES DE OCIO DE MATAMÁ CIF: G 36945384 Importe total: 4870€ Subvención: 2435€ III MAGOSTO POPULAR DE MATAMÁ</p> | 5,55 | 926,83 € |
| <p>ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA “SAN XURXO” CIF: G36648988 Importe total: 2000€ Subvención: 1500€ XORNADA DE ORIENTACIÓN E RECOÑECIMENTO DO ENTORNO</p> | 6,48 | 1.082,13 € |

Total puntuación: 143,72 puntos. Cada punto: 167.

Total subvencións: 24.000€

3º.- Debido ao retraso na tramitación do expediente faise inviable cumprir o prazo de xustificacións das subvencións previsto na Base décimo quinta, 30 de novembro, polo que propónse que dito prazo sexa prorrogado ata o 30 de xaneiro de 2010.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(1725).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á EMPRESA ADXUDICATARIA DA OBRA “EQUIPAMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES” PARA PERCEPCIÓN DE ABOAMENTOS Á CONTA POR MATERIAIS AMOREADOS. EXPTE. 2638/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 26.11.09, e o acordo da X.Goberno local extraordinaria e urxente do 26.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a realización de provisións e a presentación da correspondente certificación á empresa adxudicataria C.ALDASA, S.L.U.por importe de 351.000 €.

23(1726).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA PROVISIÓN DE MATERIAIS. URBANIZACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. EXPTE. 160/440..

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 27.11.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 6 de febreiro pasado, o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia asinan o “Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino

Cobas e Escultor Gregorio Fernández”, que na súa cláusula terceira , punto 1 “Compromisos da Xunta de Galicia”, establece:

Contribuir ao financiamento da actuación cunha achega de como máximo seis millóns cento sesenta mil euros (6.160.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.521. A 762.0, dos presupostos xerais para 2009, nas seguintes anualidades:

| | |
|---------------------|--------------|
| Anualidade de 2009: | 500.000 €. |
| Anualidade de 2010: | 1.500.000 €. |
| Anualidade de 2011: | 4.160.000 €. |

Co obxecto de cumprir co convenio antes mencionado, por parte da Área de Servizos Xerais tramítase en data 29 de xuño pasado, unha xeración de crédito co seguinte detalle:

| | |
|---------------------------------|------------|
| Rúa Escultor Gregorio Fernández | 73.756 €. |
| Rúa Severino Cobas | 130.963 €. |
| Rúa Manuel Álvarez | 295.281 €. |

Dado que a Humanización da Rúa Severino Cobas atópase pendente de expediente de expropiación foi necesario, en data 16 de setembro proceder a modificar estes importes, quedando á modificación de crédito 82A.09 co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|------------|
| Rúa Gregorio Fernández | 92.000 €. |
| Rúa Manuel Álvarez | 408.000 €. |

Unha vez aprobadas as modificacións orzamentarias, trámitanse os expedientes que a continuación se indica:

- * Expte. 59.127/250 Urbanización da Rúa Escultor Gregorio Fernández.
- * Expte. 59.194/250 Urbanización da Rúa Manuel Álvarez.

Dado que é necesario xustificar ante a Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia o importe de 500.000 € correspondente á anualidade 2009 do convenio antes do vindeiro venres 4 de decembro, o único xeito de dar cumprimento a este requisito é mediante unha certificación por Acopio de materiais que queda recollido na seguinte lexislación:

R.D. 1.098/2001, de 12 de outubro de 2001, art. 155 e art. 215 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público relativo ao Abono dun anticipo a conta dos acopios, o que se xustifica coa documentación que se achega co presente informe – proposta.

Dacordo co anteriormente exposto, e co obxecto de dar cumprimento ao Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández” faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- Autorizar á empresa UTE Hidroestructuras - Hidromiño a solicitude de acopio de materiais por importe de 408.000 Euros (IVE engadido) correspondente ao 75% do importe dos materiais necesarios para a Urbanización da Rúa Manuel Álvarez, dacordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, o cal se xustifica mediante a documentación adxunta, co obxecto de xustificar ante a Consellería de Política Territorial a anualidade 2009 do Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1727).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA PROVISIÓN DE MATERIAIS. URBANIZACIÓN DA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 59194/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 27.11.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 6 de febreiro pasado, o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia asinan o “Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández”, que na súa cláusula terceira, punto 1 “Compromisos da Xunta de Galicia”, establece:

...

Contribuír ao financiamento da actuación cunha achega de como máximo seis millóns cento sesenta mil euros (6.160.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.521. A 762.0, dos presupostos xerais para 2009, nas seguintes anualidades:

| | |
|---------------------|--------------|
| Anualidade de 2009: | 500.000 €. |
| Anualidade de 2010: | 1.500.000 €. |
| Anualidade de 2011: | 4.160.000 €. |

Co obxecto de cumprir co convenio antes mencionado, por parte da Área de Servizos Xerais tramítase en data 29 de xuño pasado, unha xeración de crédito co seguinte detalle:

| | |
|---------------------------------|------------|
| Rúa Escultor Gregorio Fernández | 73.756 €. |
| Rúa Severino Cobas | 130.963 €. |
| Rúa Manuel Álvarez | 295.281 €. |

Dado que a Humanización da Rúa Severino Cobas atópase pendente de expediente de expropiación foi necesario, en data 16 de setembro proceder a modificar estes importes, quedando á modificación de crédito 82A.09 co seguinte detalle:

| | |
|------------------------|------------|
| Rúa Gregorio Fernández | 92.000 €. |
| Rúa Manuel Álvarez | 408.000 €. |

Unha vez aprobadas as modificacións orzamentarias, tramítanse os expedientes que a continuación se indica:

- * Expte. 59.127/250 Urbanización da Rúa Escultor Gregorio Fernández.
- * Expte. 59.194/250 Urbanización da Rúa Manuel Álvarez.

Dado que é necesario xustificar ante a Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia o importe de 500.000 € correspondente á anualidade 2009 do convenio antes do vindeiro venres 4 de decembro, o único xeito de dar cumprimento a este requisito é mediante unha certificación por Acopio de materiais que queda recollido na seguinte lexislación:

R.D. 1.098/2001, de 12 de outubro de 2001, art. 155 e art. 215 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público relativo ao Abono dun anticipo a conta dos acopios, o que se xustifica coa documentación que se achega co presente informe – proposta.

Dacordo co anteriormente exposto, e co obxecto de dar cumprimento ao Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández” faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Autorizar á empresa Eiriña a solicitude de acopio de materiais por importe de 92.000 Euros (IVE engadido) correspondente ao 75% do importe dos materiais necesarios para a Urbanización da Rúa Escultor Gregorio Fernández, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, o cal se xustifica mediante a documentación adxunta, co obxecto de xustificar ante a Consellería de Política Territorial a anualidade 2009 do Convenio de colaboración para urbanizar as Rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1728).- RESOLUCIÓN DO PROGRAMA DE “SUBVENCIÓN PARA DINAMIZAR O CONSUMO NO PEQUENO E MEDIANO COMERCIO DE VIGO A TRAVÉS DE AXUDA ÁS FAMILIAS CON NECESIDADES ECONÓMICAS”. EXPTE. 2272/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Comisión de Valoración do Programa de Subvención a Familias celebrada o día 20.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder, de conformidade coas propostas contidas nos expedientes, as seguintes subvencións:

| expediente | importe subvencionado | Modo finalización | tipo acordo |
|------------|-----------------------|-------------------|-----------------------------|
| 1005/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1015/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1021/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1025/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1033/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1045/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1047/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1058/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1061/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 1070/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 1123/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1132/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1155/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 1156/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |

| expediente | importe subvencionado | Modo finalización | tipo acuerdo |
|------------|-----------------------|-------------------|-----------------------------|
| 1165/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 1167/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 1181/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 1184/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 1191/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 258/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 273/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 288/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 292/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 309/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 377/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 381/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 390/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 393/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 407/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 426/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 465/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 468/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 492/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 505/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 514/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 605/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 620/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 627/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 634/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 662/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 665/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 684/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 686/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 741/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 755/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 757/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 761/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 768/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 783/551 | 600,00 € | RESOLUCION | Conceder |
| 812/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 847/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 923/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 925/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 927/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 935/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 936/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 947/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 954/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |
| 963/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidate |

| expediente | importe subvencionado | Modo finalización | tipo acordo |
|------------|-----------------------|-------------------|-----------------------------|
| 996/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 997/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |
| 999/551 | 0,00 € | RESOLUCION | Declarar a inadmisibilidade |

26(1729).- PROXECTO DE REFORZO DE PILARES NA PRAZA DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 2271/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do interventor técnico do Mercado do Progreso e Asesor en Materia de Mercados do Concello de Vigo, conformado polo tenente de alcalde, que di o seguinte:

En data 24 de novembro de 2009 o Sr. Tenente de Alcalde e Concelleiro de Industria, Comercio e Barrios Históricos acordóu:

“1.- Autoriza-lo réxime excepcional de contrato menor de SERVICIOS , de conformidade co previsto nos art. 95, art. 122 e art 10 (servicios) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

2.- Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de 5800,00 EUROS (Base imponible 5000,00 , Tipo Iva 16 , Importe iva 800,00), para PROXECTO REFUERZO PILARES PLAZA DEL PROGRESO VIGO a prol de MARIA DE LAS MERCEDES FERNANDEZ DIAZ (35323950K), arquitecta colexiada 3112 do COAG, con cargo á partida 6220.227.06.11 (GASTOS FUNCIONAMIENTO MERCADO PROGRESO).

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 74 da Ley 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.”

A redacción do proxecto é requisito indispensable para a execución das obras previstas, de conformidade có artigo 95 da Lei 30/2007, que textualmente dí:

1. En los contratos menores definidos en el artículo 122.3, la tramitación del expediente sólo exigirá la aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.

2. En el contrato menor de obras, deberá añadirse, además, el presupuesto de las obras, sin perjuicio de que deba existir el correspondiente proyecto cuando normas específicas así lo requieran. Deberá igualmente solicitarse el informe de supervisión a que se refiere el artículo 109 cuando el trabajo afecte a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra.

En data 26 de novembro de 2009 foi recibido o proxecto nas dependencias municipais, emitíndose informe favorable ó mesmo pola O.S.P.I.O. na mesma data.

Sendo competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de obras municipais e á vista do informe favorable á obra presentada, propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte:

ACORDO

- a) *Aprobar o Proxecto de Refuerzo de Pilares en la Plaza del Progreso, cun orzamento de contrata de 38.730'09 €*
- b) *Nomear responsable do proxecto a Miguel A. Pola Tombo, asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo*
- c) *Designar a Dona María de las Mercedes Fernández Díaz, arquitecta, coma directora de obra*
- d) *Designar a Don Emilio Mosquera Rey, arquitecto técnico, coma director de execución da obra*
- e) *Designar a Don Manuel Eladio Munín Gayoso, arquitecto técnico, coma coordinador de seguridade e saúde*

Os honorarios dos técnicos designados non excederán dos indicados polas normas reguladoras dos seus respectivos colexios e, para a súa efectividade, precisarán dos correspondentes expedientes de gasto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1730).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN OCA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A COORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2010. EXPTE. 3310/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 11.11.09 , o informe de fiscalización do 25.11.09, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 7.10.09, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo, a Agrupación de Centros deportivos e culturais (CIF G-36.791.291) e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666) para a colaboración na produción da Cabalgata de Reis 2010.

2º.- Aprobar o programa da Cabalgata de Reis 2010.

3º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar a favor da Federación de Peñas El Olivo, CIF G-36.704.666, o gasto de 16.758 euros para a colaboración na organización da Cabalgata de Reis 2010, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 4512.227.0600 do programa orzamentario de Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2010.

5º.- Que este pagamento se realice pola conta habilitada de Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241).”

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área; en adiante denominarase “CONCELLO”.

Doutra parte os representantes das seguintes entidades:

Don Roberto Giráldez Barbeitos, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, C.I.F. B-36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador nº 34 local baixo Vigo-Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3310-335;

Don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, C.I.F. B-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres Vigo-Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3310-335.

En adiante denominaranse “COMISIÓN COLABORADORA”.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Cabalgata de Reis é un evento festivo e de tradición plenamente arraigado e institucionalizado na nosa sociedade, que esperta grande expectación e ilusión nos máis cativos e en todos os cidadáns en xeral.

II.- Que o Concello de Vigo vén desenvolvendo un importante labor de recuperación e impulso deste evento, coa incorporación de novos e vistosos elementos na Comitiva Real, así como mediante a programación doutras actividades complementarias (Carroza do Carteiro Real, figurantes de acompañamento para a Corte Real, acto de recepción das autoridades no percorrido e entrega da chave da cidade, concurso para acompañamento dos nenos e nenas na comitiva “Vente cos Reis Magos”), que axudan a darlle maior espectacularidade e realce, intentando recobrar o sentido do Nadal.

III.- Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata de reis, Entroido, Festa do Magosto...).

IV.- Que dende a Cabalgata de Reis do ano 1997 véñense asinando convenios de colaboración similares entre estas entidades e o Concello de Vigo, sendo o resultado acadado moi satisfactorio para ambas as partes, polo que se atopan dispostas a colaborar na organización da Cabalgata de Reis.

V.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, conta coa partida 4512.227.0600 (Convenio asociacións – Cabalgata e Rondallas), prevista para o convenio de organización destas actividades.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representan as devanditas actividades, o CONCELLO e a COMISIÓN COLABORADORA conveñen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Cabalgata de Reis celébrase conforme a programación e bases que se incorporan no anexo deste convenio. A tal fin, a produción desta actividade deberá suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo o momento os principios de publicidade e concorrència.

Segundo.- A COMISIÓN COLABORADORA comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo na organización e produción da “Cabalgata de Reis”, mediante a achega do persoal auxiliar necesario para o desenvolvemento deste evento e da colaboración na súa produción.

A COMISIÓN COLABORADORA estará encargada de dotar ao evento do persoal voluntario necesario e colaborar na produción conforme ao seguinte:

Horario: das 15 ás 21 horas, do día 5 de xaneiro.

- 249 persoas para funcións auxiliares de organización para control de público no percorrido: Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, facilitando o control dos espectadores e impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva; especial atención prestarase ás inmediacións do palco instalado para a recepción ós Reis Magos, para o que se disporá un equipo especial de seguridade. Encargaranse tamén de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural durante o desenvolvemento da Cabalgata.
- 10 persoas para as funcións de inflado e reparto de globos: Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación os caramelos, globos e outros elementos da comitiva, e trasladarano ó lugar de concentración da mesma e ós distintos puntos de avituallamento e de inflado de globos, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material. Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de inflado de globos que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un; o subministro das

correspondentes bombonas de inflado e a súa instalación e posterior desmonte será total competencia da comisión colaboradora.

- 60 persoas para funcións auxiliares de organización para control de público na saída da comitiva ou naqueles puntos que a organización estime necesarios por motivos de seguridade.
- 4 persoas para as dúas zonas de referencia no percorrido de encontro dos nenos perdidos e outras e eventualidades da organización: Durante o desenvolvemento da Cabalgata deberá haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos/as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos/as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non apareceren, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22:00 horas.
- 6 persoas para avituallamento de caramelos e control do percorrido: Ó longo do percorrido, haberá un mínimo de dous puntos de avituallamento de caramelos xestionados por un mínimo de catros persoas cada un, e que se encargarán de distribuílos ás carrozas e demais integrantes da Comitiva que o requiran, ó seu paso por ese punto.
- 2 persoas para control dun espazo reservado a persoas con mobilidade reducida.
- 1 persoa para funcións auxiliares no palco de recepción de autoridades.
- 16 persoas para funcións de control do perímetro das catro carrozas dos tronos Reais, dende a súa saída ata a finalización do evento.
- 2 persoas auxiliares para actos da festa de benvida dos Reis Magos.
-

Outras funcións de coordinación e produción da Comisión:

- Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuílas posteriormente entre todo o persoal.
- Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. A disposición dos elementos da Comitiva manterase inalterábel dende o seu inicio ata o seu remate.
- Para facer posíbel este cometido, a comisión colaboradora deberá dispor de teléfonos móbiles, portáfonos ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da cabalgata.
- Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Cabalgata de Reis e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.
- Todo o persoal pertencente á organización deberá levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que se lles indique, e que previamente sexan validadas polo Concello de Vigo.
- O persoal de organización non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas durante o desenvolvemento dos eventos.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Xestionar todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias, así como a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción do evento.
- Unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos, de 16.758 euros, para colaboración na organización do Cabalgata de Reis 2010 que se financiarán con cargo ós créditos consignados anualmente para a Cabalgata de Reis no programa orzamentario de Animación Sociocultural.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- O CONCELLO aboará a cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio, previa a presentación da correspondente solicitude de pagamento e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ós traballos realizados, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0020.16.0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) .

Xunto coa xustificación, a COMISIÓN COLABORADORA presentará memoria de actuación, comprensiva das actividades realizadas e informe das posíbeis incidencias ocorridas, balance de gastos e ingresos reais así como conta xustificativa na que se relacionen todos os gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data, importe con todos os impostos e retencións que procedan.

Cuarto.- Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural:

Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:

- Interlocutor titular: Roberto Giráldez Barbeitos.

- Interlocutor suplente: Angélica Sío Vila.

Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":

- Interlocutor: Juan Carlos Padín Nieto.

- Suplente: Balbino Moreira Vallez.

Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de dirección, supervisión, seguimento e control da mesma, un técnico/a adscrito ó servizo de Animación Sociocultural.

Os responsábeis da comisión colaboradora estarán en permanente contacto con todo o persoal da organización, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberán estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

Periodicamente, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de establecer os criterios organizativos para o evento, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar.

Quinto.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural na propia actividade.

Sexto.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorrateos a que tivese lugar.

Sétimo.- A vixencia do convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2010.

Oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Noveno.- A COMISIÓN COLABORADORA está informada de que os seus datos e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da axuda obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

As entidades colaboradoras poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Décimo.- O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido no artigo 4.1.d) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.

Lido por ambas as partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, nos mesmos lugar e data que se indican no comezo.

ANEXO: PROGRAMA DA CABALGATA DE REIS 2010

1.- Festa de benvida os Reis Magos::

Día 5 de xaneiro.

Lugar: Praza do Rei

Hora: de 11:00 a 13:00.

Actividades de recepción dos Reis ós nenos.

Actividades de animación sociocultural.

Remate cunha chocolatada.

2.- Visita dos Reis Magos a Hospitais (Povisa, Hospital Xeral-Cíes, Nicolás Peña, á Casa de acollida e á residencia Ancianos desamparados-Alcabre).

3.- Cabalgata de Reis:

Temática: O bicentenario da cidade de Vigo.

Acto de recepción das autoridades ós Reis Magos:

Lugar: palco situado na escalinata de subida ao monte do Castro.

Acto de entrega da chave da cidade.

• 4.- *Horario:*

15:00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

18:30 horas: Saída da Comitiva Real desde a rúa Venezuela.

20:30 horas: Remate e despedida da cabalgata.

5.- *Montaxe da comitiva e percorrido:*

28. Montaxe da comitiva: Na rúa Venezuela, entre as rúas Panamá e Marqués de Alcedo.

29. Percorrido: Rúa Camelias, rúa Álvaro Cunqueiro e rúa Camelias

30. Remate: Praza de América.

31. Desmorte: Gran Vía.

28(1731).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA EUGENIO KRAFF. EXPTE. 57618/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Sercoysa Proyectos y Obras S.A. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras do Exped 57618-250 Humanización Rúa Eugenio Kraff coas seguintes características:

- Prezo total de 342.391,66 euros
- Incremento do prazo de garantía de 48 meses.
- Incremento da aportación ó control de calidade do 2%.
- Aporta 7 persoas a maiores sobre o mínimo esixido das que 7 procederán da situación legal de desemprego.

Aporta como melloras as seguintes:

- Pilona Modelo Avenida de FDB: 65 unidades.
- Papeleira: Ofertan Modelo Morella Bin de Escofet 12 uds.
- Banco modelo Barcino: 12 unidades cun prezo unitario de 270 Euros.
- Recercado de alcorque de aceiro inoxidable: 18 unidades.
- Tapas de fundición recheables C-250: 40 unidades.
- Bordo para alcorque en granito grissal: 150 m.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

29(1732).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.